

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

ORDE do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023, para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (Código do procedemento administrativo PR450A).

TEXTO

O decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. e o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), establécese que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, téñ atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 10 que lle corresponde á Xunta de Galicia a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere preciso prestar de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta dos que dispoñen as entidades locais.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25. 2. parágrafo f), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82) determinan que o concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía de participación da cidadanía en diferentes materias tales como a protección civil, as emerxencias e a prevención de riscos.

A Unión Europea, incidiu neste campo a través do Programa Galicia FEDER 2021-2027, no Obxectivo político 2, Prioridade P2A. "Tansición Verde", Obxectivo Específico RSO2.4. "Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas". As accións que se pretenden desenvolver a través de melloras de infraestruturas, instalacións e equipamento destinados á prevención e xestión de riscos, tendo como obxectivo fundamental o desenvolvemento do Plan Emerxe a través dun conxunto de actuacións relacionadas coa actualización dos distintos plans de prevención e seguridade existentes, actualización da normativa de protección civil e de emerxencias, así como, a mellora das infraestruturas e equipamento na cobertura transfronteiriza.

Este bloque de medidas, co reforzo dos grupos de emerxencia supramunicipais, e o fortalecemento das Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil, en adiante "AVPC", permitirá mellorar a capacidade de prevención e reducir os tempos de resposta ante riscos e emerxencias derivados dos diferentes sinistros (incendios forestais, inundacións, etc.) aos efectos de garantir a seguridade de persoas e bens, así como a protección do medio ambiente. Polo tanto, estamos ante un plan de prevención e mitigación de riscos.

A implementación e execución destes plans e programas implica a necesaria realización de inversións en equipamentos, instalacións e infraestrutura de prevención e mitigación de riscos.

A Xunta de Galicia ten a obriga de impulsar medidas de xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles co fin de continuar prestando servizos de calidade á cidadanía, optimizando os recursos económicos das administracións mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Por outra banda, é preciso incentivar tanto a cooperación entre os concellos como os procesos de fusión municipal, voluntariamente concertados, para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal como medida de reorganización que faga posible un aforro de custos e unha xestión máis eficaz.

Neste senso, o artigo 60.2 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, indica que as convocatorias públicas de axudas e subvencións da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes instrumentais do sector público autonómico destinadas ás entidades locais da comunidade autónoma deberán primar, na forma que se estableza nas correspondentes bases reguladoras, as solicitudes presentadas conxuntamente por mais dunha entidade local baixo calquera fórmula, como agrupación, asociación, mancomunidade, consorcio, fusión ou calquera outra similar, fronte ás presentadas individualmente.

Pola súa banda, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece na súa disposición adicional terceira que as entregas de bens, dereitos ou a prestación de servizos adquiridos ou contratados coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros que cumpren os requisitos establecidos nas letras a), b) e c) do artigo 2.1º da referida lei, terán a consideración de subvención en especie e quedarán suxeitas ás previsións desta lei.

No exercicio destas competencias, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte ós criterios de publicidade, obxectividade e concorrência, dos recursos destinados á mellora e equipamento dos concellos en tarefas de prevención de riscos en emerxencia e protección civil, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Estes antecedentes motivaron a adquisición de equipamento de emerxencias, con fondos cofinanciados pola Comunidade Europea a través dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e posteriormente cedidos aos concellos en propiedade.

Ao tratarse dunha orde con aplicación de fondos cofinanciados pola Comunidade Europea a través dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER), estará suxeita á regulamentación comunitaria aplicable ao obxecto da mesma.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas, polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrência competitiva, de equipamentos de emerxencias aos concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos galegos que contén con AVPC, inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme á Lei 5/2007 do 7 de maio e ao Decreto 56/2000, do 3 de marzo e a súa convocatoria para o ano 2023.

O procedemento regulado nesta orde habilitarase na Guía de procedementos e servizos co código de procedemento PR450A.

O equipamento a ceder distribúese nas seguintes liñas de axuda:

Liña 1. 21 kits de material loxístico de seguridade vial

Liña 2. 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático

Liña 3. 21 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias

Liña 4. 8 remolques para a atención ás emerxencias

Liña 5. 20 tendas de campaña para emerxencias

Artigo 2. *Crédito*

A adquisición do equipamento de emerxencias lévase a cabo mediante subministración por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada susceptible de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), nun 60%, no marco do

Programa Galicia FEDER 2021-2027, Obxectivo Político OP2. "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición hacia unha economía con cero emisión netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, a inversión verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a él, a prevención e a xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible", Prioridade P2A. "Transición Verde", Obxectivo Específico RSO2.4 "Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques basados nos ecosistemas", liña de Actuación 2.4.03. "Incrementar a resiliencia e a capacidade para a xestión de catástrofes", con cargo á aplicación orzamentaria 06.A1.212A.623.0 e código de proxecto 2023 00001 "Adquisición de equipamento para emerxencias" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Para estes efectos tense tramitando con anterioridade o correspondente expediente de contratación: AXGE.23.SU.03 procedemento aberto e tramitación ordinaria, por importe de catrocentos cincuenta e un mil novecentos noventa e tres euros (451.993,00€), IVE incluído, para a adquisición dos equipamentos sinalados no artigo 1 desta orde.

Unha vez finalizado o expediente de contratación, a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) procederá á tramitación do correspondente procedemento patrimonial para a transmisión dos equipamentos de emerxencias a favor da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

No suposto de que no expediente de contratación quedase deserto algún dos lotes, non se xerará dereito algún a favor das entidades solicitantes, respecto dos equipamentos incluídos neses lotes que queden desertos.

Artigo 3. *Beneficiarios*

Poderán solicitar este equipamento os concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que o solicitante teña unha AVPC con persoal voluntario operativo e asegurado, inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Lei 5/2007 do 7 de maio e ao Decreto 56/2000, do 3 de marzo; ou que tivesen presentada

oficialmente a solicitude de inscrición de nova AVPC no mesmo, quedando neste caso condicionada a concesión da subvención á efectiva inscrición, segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. Esta condición debe cumprirse, a máis tardar, no último día do prazo de presentación de solicitudes.

b) Ter presentadas as contas ás que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2021 no Consello de Contas de Galicia.

c) Que non teñan recibido o mesmo equipamento por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ou organismos e entidades adscritas a esta con posterioridade ao 1/1/2015 destinado a prestación dos servizos de protección civil e emerxencias.

Artigo 4. Iniciación e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Os concellos, individualmente, mancomunados ou agrupados, que desexen acollerse aos beneficios desta orde presentarán a solicitude dirixida á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior segundo o modelo que figura como anexo I desta orde. A solicitude deberá ir

acompañada da documentación complementaria que se establece no artigo 6 desta norma, segundo proceda.

Cada solicitante en función das súas necesidades deberá pedir por orde de preferencia o equipamento das liñas, tendo en conta o dito no punto c) do artigo 3 desta orde, e no seu caso, concederáselle o solicitado ata o límite de existencia de acordo aos seguintes criterios:

a) Para a liña 2 (kits de material para as emerxencias no medio acuático) só poderán ser beneficiarias as entidades locais de costa adscritas ao Plan SAPRAGA (Salvamento en Praias de Galicia) no ano 2022 (ver ANEXO III Concellos adheridos a SAPRAGA ano 2022).

b) Na primeira quenda de adxudicación, cada solicitante só poderá obter equipamento dunha liña entre a 1 e a 5; unha vez resolta e, de seguir quedando existencias poderían acceder ao equipamento das outras liñas, seguindo os criterios xa establecidos.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 5. *Solicitudes*

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se xunta como anexo I (PR450A) a esta orde, onde se aceptan e declaran os seguintes apartados:

a) Que a entidade que solicita a subvención en especie acepta as condicións e demais requisitos esixidos nesta orde de convocatoria.

b) Que reflicte o conxunto de todas as axudas concedidas para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas

solicite e/ou obteña doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

c) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

d) Que o concello, agrupación de concellos ou mancomunidade de concellos non están incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10.2 e 10.3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

e) Que o concello, agrupación de concellos ou mancomunidade de concellos están ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedores por resolución de procedemento de reintegro.

f) Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello, mancomunidade ou agrupación de concellos están ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedores por resolución de procedemento de reintegro.

Artigo 6. Documentación complementaria

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificado da compañía aseguradora das pólizas subscritas (accidentes e responsabilidade civil) no que conste o número de asegurados que é persoal voluntario de protección civil. No caso de estar incluídos dentro das pólizas de seguro do concello, mancomunidade ou agrupación de concellos, remitirase unha certificación ou declaración do órgano competente do concello ou mancomunidade, na que se indique o número de persoal voluntario de protección civil incluídos dentro das pólizas.

b) Certificado ou declaración dos servizos de emerxencia provinciais ou das entidades locais a que se refire o art. 10.2 desta orde.

c) Certificado do secretario/a da entidade solicitante da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia, á que fai referencia o artigo 3b) desta orde. No caso de agrupación de concellos un certificado por cada concello.

d) Certificado do órgano competente da mancomunidade ou agrupación de concellos no que se indique a prestación mancomunada dos servizos de emerxencia e protección civil.

e) No caso de realizar a petición conxunta como agrupación de concellos, a certificación de cada Pleno ou Xunta de Goberno aprobatorio de tal acordo e condicións do mesmo.

f) No caso de realizar a petición como mancomunidade ou agrupación de concellos terán que presentar a memoria de aforros de custo e os últimos orzamentos publicados e aprobados, aos efectos da aplicación do artigo 10 punto 3c).

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para a publicidade, inscrición no rexistro procedente e o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias para esas finalidades, así como a especificada no artigo 11, por esixencia normativa, segundo se establece no artigo 15 desta orde.

6. O defecto na solicitude ou a falla de documentos complementarios e obrigatorios, seralles notificado por medios telemáticos aos interesados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior que é o órgano competente para a instrución do procedemento e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo improrrogable de dez días para emendar os erros ou omisións.

Transcorrido este prazo e de non producirse dita emenda, as peticións serán arquivadas conforme ao disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 7. Comprobación dos datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI / NIE da persoa representante
- b) Consulta de concesións de subvencións e axudas
- c) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas
- d) NIF da entidade solicitante

e) Consulta de estar ao corrente de pagamento coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións das Administracións públicas.

f) Consulta de estar ao corrente de pagamento con AET para subvencións e axudas

g) Consulta de estar ao corrente de pagamento coa seguridade social.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. Instrución e comisión de avaliación

1. Recibidas as solicitudes serán informadas polo órgano instructor que xunto coa a súa correspondente documentación enviaráselle á comisión de avaliación, presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou persoa en quen delegue, e formada polos titulares dos servizos de emerxencias das xefaturas territoriais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Xefe do servizo de Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e actuando como secretario/a a persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou, no seu caso, un/unha funcionario/a da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo, con voz e voto.

2. A referida comisión fará unha proposta de resolución, tendo en conta os criterios sinalados no seguinte artigo, co número de beneficiarios e conterá unha lista de reserva cara á posible renuncia dalgún beneficiario ou á adquisición de máis material, que será elevada posteriormente ao órgano competente para resolver.

3. Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada elevarase á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quen resolverá.

Artigo 10. Criterios de avaliación e repartición

A concesión realizarase en réxime de concorrència competitiva e, para a elaboración da proposta de resolución, teranse en conta os seguintes criterios, que serán valorados segundo a graduación que en cada caso se indica, ata un máximo de 100 puntos:

1. Número de mobilizacións da AVPC no ano 2022 e constatados polo Centro de Atención de Emerxencias 112, sen rexeitamento, referidas a accidentes, incendios, protección civil, salvamento e rescate, incidencias de circulación, riscos, operativos de protección civil e animais ata un máximo de 20 puntos. Tomando como cifra indicativa o dobre do promedio do conxunto das mobilizacións das solicitudes admitidas, adxudicarase a máxima puntuación aos que estean por riba deste promedio e a que lle corresponda proporcionalmente ao resto.

2. Mobilizacións das AVPC, efectuadas no 2022, para prestar colaboración noutros concellos en operativos de protección civil ou emerxencias acaecidas, ata un total de 20 puntos.

Como metodoloxía tomarase o total de días nos que a AVPC foi mobilizada en estes operativos de protección civil ou emerxencias acaecidas, multiplicándose polo número total de persoal voluntario que participou neses operativos. Calculando o promedio das solicitudes admitidas e tomando como cifra indicativa o dobre deste promedio, adxudicarase a máxima puntuación aos que estean por riba deste promedio e a que lle corresponda proporcionalmente ao resto.

A xustificación en este apartado realizarase a través dunha certificación dos servizos de emerxencia provinciais, das mobilizacións que teña constancia, ou ben dunha declaración

dos alcaldes/as ou concelleiros/as, ou por certificado dos secretarios/as dos concellos solicitantes da colaboración, na que se reflicta a AVPC participante, o evento, a data de celebración, o número de persoal voluntario mobilizado pola AVPC e o número de días que asistiron.

3. Pola prestación mancomunada do servizo de emerxencia e protección civil por concellos agrupados, asociados, mancomunados ou calquera outra fórmula conxunta, ata un máximo de 30 puntos. Para a valoración deste criterio terase en conta:

a) Pola mera presentación da solicitude por parte da entidade resultante da fusión, outórganse 10 puntos.

b) Polo número de concellos agrupados ou mancomunados para os servizos de emerxencia e protección civil, ata un máximo de 10 puntos. Outorgarase a maior puntuación ao solicitante con maior número de concellos agrupados ou mancomunados e ao resto a que lle corresponda en proporción.

c) Pola memoria de aforro de custos respecto da prestación de modo individual do servizo e a súa relación co orzamento total dos concellos que conforman a mancomunidade ou agrupación de concellos, ata 10 puntos.

A estes efectos a mancomunidade ou a agrupación de concellos presentará xunto coa memoria económica, onde se xustifique claramente os custos derivados de prestar o servizo de xeito individual e conxunto e consecuentemente o aforro conseguido, a certificación dos orzamentos do ano 2023 ou, no caso de non estar aprobados, a do 2022.

Outorgarase os 10 puntos ao solicitante co maior índice porcentual entre o aforro de custos e o total do seu orzamento, e ao resto a que lle corresponda en proporción.

d) En calquera caso, outorgarase a puntuación máxima de 30 puntos pola presentación da solicitude por parte de entidades resultantes de fusións municipais.

4. Ratio de número de persoal voluntario de protección civil asegurado acreditado a través da correspondente compañía aseguradora, por risco de accidentes, morte e responsabilidade civil, por cada mil habitantes da entidade solicitante, ata un máximo de 5 puntos. Ou-

torgaráselle a maior puntuación a quen teña un mellor ratio e ao resto a que lle corresponda en proporción.

A fórmula empregada será a seguinte:

- a) Divídese o número de habitantes de cada concello, mancomunidade ou agrupación de concellos por mil.
- b) Divídese o número de persoal voluntario de protección civil asegurados polo resultado anterior e obtense un ratio.
- c) Adxudícase a puntuación máxima á entidade solicitante que teña a mellor ratio e ao resto avalíase de xeito proporcional.

5. O risco potencial de emerxencias, estimado polo PLATERGA, ata un máximo de 5 puntos. Puntuarase en atención aos tramos seguintes: risco moi alto 5, risco alto 4, risco moderado 3, risco baixo 2 e risco moi baixo 1.

No caso de mancomunidades ou agrupación de concellos, a puntuación asinada será a media do conxunto das puntuacións dos concellos que forman parte da entidade, e no caso de que a cantidade resultante quede en medio de dúas puntuacións, asignaráselle a puntuación maior.

6. Atendendo á poboación do territorio da entidade local, segundo os datos que figuran no Instituto Galego de Estatística a 01/01/2023, ata un máximo de 5 puntos. Outorgarase a maior puntuación ao solicitante con maior poboación e ao resto a que lle corresponda en proporción.

7. Atendendo á extensión do territorio da entidade local, segundo os datos que figuran no Instituto Galego de Estatística do ano 2022, ata un máximo de 5 puntos. Outorgarase a maior puntuación ao solicitante con maior extensión territorial e ao resto a que lle corresponda en proporción.

8. Pola antigüidade da AVPC dende a súa inscrición no Rexistro de AVPC da Xunta de Galicia ata un máximo de 5 puntos, asinados cos seguintes criterios:

- 5 puntos as AVPC inscritas ata o ano 1996 incluído
- 4 puntos as AVPC inscritas ata o ano 2001 incluído
- 3 puntos as AVPC inscritas ata o ano 2006 incluído
- 2 puntos as AVPC inscritas ata o ano 2018 incluído

9. As AVPC inscritas nos cinco últimos anos, contando o actual, ata 10 puntos, asignados cos seguintes criterios:

1. 4 puntos as AVPC inscritas no ano 2019
2. 8 puntos as AVPC inscritas nos anos 2020 e 2021
3. 10 puntos as AVPC inscritas nos anos 2022 e 2023

Artigo 11. Resolución, publicación e notificación

1. A resolución adoptarase polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, tendo en conta a proposta que faga a comisión de valoración, procedéndose a súa publicación posterior no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación do beneficiario, a contía da axuda en especie e as obrigas que corresponden á entidade beneficiaria, os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución, con indicación do método que se aplica para determinar os custos da operación, así como os demais requisitos previstos na normativa comunitaria para a selección da operación que debe conter o Documento polo que se Establecen as Condicións de Axuda (DECA).

A aceptación da axuda susceptible de cofinanciamento con fondos FEDER implica a aceptación da inclusión das entidades beneficiarias na lista de operacións que se publicará no portal da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Hacienda y

Función Pública co contido previsto no apartado 3 do artigo 49 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

2. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

5. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. Na notificación da resolución faranse constar as condicións particulares que deberá cumprir o interesado ao que se lle conceda o equipamento e que se recollen no artigo 12.

8. Transcorridos cinco meses contados desde a publicación desta orde sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

9. Contra a resolución de concesión poderá interporse, ante o mesmo órgano, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ou dende o día que se produza o acto presunto.

Así mesmo, poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar a partir do día seguinte á notificación da resolución ou dende o día no que se produza o acto presunto.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

10. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 12. *Obrigas dos beneficiarios*

a) Os beneficiarios desta axuda quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Serán por conta das entidades beneficiarias os gastos do imposto especial sobre determinados medios de transporte, seguros, mantemento, conservación e calquera outro gasto que puidera supoñer a cesión, así como as indemnizacións derivadas de posibles declaracións de responsabilidade civil ou criminal polo uso dos vehículos e demais equipamento, calquera que sexa a súa contía.

c) Compromiso de que o equipamento sexa destinado a misións de protección civil e emerxencias. O incumprimento da obriga de destino referida será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Compromiso da inalterabilidade das condicións tidas en conta para a concesión.

e) O/a alcalde/sa do concello, presidente/a da mancomunidade ou representante da agrupación de concellos ao que se lle conceda o equipamento solicitado, disporá dun prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción da comunicación individual da resolución favorable, para a súa aceptación ou renuncia tamén enviada por vía telemática. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

f) Aportar unha declaración responsable que contempla os seguintes aspectos:

- Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ó órgano xestor os casos de sospeitas de fraude, con indicación de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través do canal habilitado para o efecto <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

- Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

- Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos FEDER.

- Manter os equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención durante o período de 5 anos segundo o establecido no artigo 13 das bases reguladoras.

g) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular as verificacións previstas no artigo 74 do RDC, ás auditorías do organismo de auditoría do programa operativo ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, achegando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. A tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pago ó beneficiario (artigo 82 RDC).

h) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13. Formalización da cesión

De acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entregas de bens ou dereitos ou a prestación de servizos adquiridos ou contratados coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros e que cumpran os requisitos establecidos nas letras a), b), e c) do artigo 2.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, terán a consideración de subvención en especie e quedarán suxeitas ás previsións desta lei.

Para estes efectos, o material adquirido por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e adxudicado aos beneficiarios desta orde está afecto ao cumprimento dunha finalidade de carácter público, polo que ten a consideración de subvención en especie e a súa cesión formalizarase mediante acta subscrita polo vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, debendo constar nela o regulamentado no artigo 12 ao respecto.

No momento de asinar a acta de cesión, os beneficiarios deberán presentar o anexo II (Declaracións) actualizado e asinado polo representante do concello, mancomunidade ou agrupación de concellos, no que constan as seguintes declaracións:

- Que as subvencións solicitadas para a mesma finalidade no seu conxunto, non superan o custo da actividade subvencionada.
- Que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que os que se subvencionan con cargo á convocatoria de 2023.
- Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
- Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, estar ao día das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Que non se ocasionará un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, de acordo ao principio DNSH ("*do not significant harm*"):
 - Mitigación do cambio climático.
 - Adaptación ao cambio climático.
 - Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
 - Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
 - Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.
 - Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

- Que se cumprirá a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.
- Que non se causarán efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización.
- Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

Debido a que os equipos obxecto da presente convocatoria son susceptibles de cofinanciamento con fondos europeos FEDER 2021-2027, os beneficiarios teñen a responsabilidade xeral de comunicar e aumentar a visibilidade da UE. Para conseguir ese obxectivo, recoñecerán a axuda dos fondos percibidos de conformidade co expresado nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante RDC) e co disposto a este efecto no Programa Galicia FEDER 2021-2027.

En relación á publicidade do cofinanciamento, o beneficiario deberá cumprir coa obriga dunha exhibición correcta e nun lugar destacado do emblema da Unión, en combinación cunha declaración sinxela relativa ao cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da Unión Europea.

Salvo acordo en contrario coa autoridade outorgante, as actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción (incluídas as relacións cos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo – como folletos, carteles, presentacións, etc.—, en formato electrónico a través dos medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais), así como calquera equipo, vehículo, subministración ou resultado importante financiado coa subvención deberán recoñecer o apoio da Unión Europea e

mostrar a bandeira europea (emblema) e a declaración de cofinanciamento (traducida ás linguas locais, cando corresponda).

O emblema europeo, incluída a declaración de cofinanciamento, pode descargarse, na súa versión en castelán, dende o centro de descargas da Dirección General de Política Regional y Urbana (https://ec.europa.eu/regional_policy/en/information/logos_downloadcenter). Para a obtención da versión en galego deberán dirixirse a la Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

De acordo co disposto no artigo 9.4 do RDC, as actuacións que se leven a cabo respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio “do no significant harm” - DNSH). En atención ao considerando 10 do citado RDC o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles. Polo tanto, todas as actuacións que se executen dentro do Programa Galicia FEDER 2021-2027 deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no citado artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Transición cara a unha economía circular
5. Prevención e control da contaminación
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

A presente actuación avalíase no Programa Galicia FEDER 2021-2027 como compatible co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente dentro do Obxectivo Político OP2, Prioridade P2A, Obxectivo Específico RSO2.4, Liña de Actuación 2.4.03.

Así mesmo tamén se deben adoptar medidas para garantir a compatibilidade coas políticas comunitarias en materia medioambiental, de contratación pública, igualdade de oportunidades e as regras de competencia.

De igual xeito, e de acordo co establecido no artigo 65,1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, os concellos, mancomunidades ou agrupación de concellos quedarán obrigados ao mantemento dos bens cedidos un mínimo de cinco (5) anos.

Artigo 14. *Reversión dos bens na comunidade autónoma*

1. Se o equipamento cedido non se aplicase ao fin sinalado ou deixase de estalo con posterioridade, se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento ou se incumprisen as condicións que se detallan nesta orde, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor dos detrimentos ou do deterioro que experimentasen.

2. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes estará dotada de facultades de vixilancia e control para comprobar o cumprimento das obrigas que leva aparelada a cesión e, de ser o caso, para a resolución dos expedientes de reversión.

Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional. *Mancomunidades ou agrupación de concellos*

Todos os documentos descritos no articulado da presente orde, cando o solicitante sexa unha mancomunidad ou agrupación de concellos, estenderanse polo seu órgano competente.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase ao director xeral de Emerxencias e Interior para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Lexislación aplicable*

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Disposición derradeira terceira. *Lexislación como fondo FEDER*

Ao tratarse dunha orde con aplicación de fondos da Comunidade Europea (FEDER) estará suxeita á regulamentación comunitaria aplicable recollida en:

1) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo–Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución.

2) Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión; así como a súa normativa de desenvolvemento e execución.

3) Ademais, será de aplicación o cumprimento da normativa ambiental europea, particularmente o establecido no artigo 17 do Regulamento 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, que regula o principio de "non causar un prexuízo significativo ao medioambiente" (principio "do no significant harm" - DNSH), así como a súa normativa de desenvolvemento e execución.

Disposición derradeira cuarta. *Delegación de competencias*

De conformidade co previsto na Orde do 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 2018) e na Disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, (DOG núm. 113, do 15 de xuño), delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde, así como a subscripción das actas de cesión do equipamento adquirido por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e adxudicado aos beneficiarios desta orde.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente Primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

ANEXO III Concellos adheridos a SAPRAGA en 2022

Código

Concello	Nome Concello	Provincia
15004	ARES	A Coruña
15008	BERGONDO	A Coruña
15016	CAMARIÑAS	A Coruña
15019	CARBALLO	A Coruña
15020	CARNOTA	A Coruña
15034	DUMBRIA	A Coruña
15041	LARACHA	A Coruña
15040	LAXE	A Coruña
15043	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña
15048	MIÑO	A Coruña
15053	MUROS	A Coruña
15052	MUXIA	A Coruña
15058	OLEIROS	A Coruña
15062	OUTES	A Coruña
15067	POBRA DO CARAMIÑAL (A)	A Coruña
15068	PONTECESO	A Coruña
15073	RIBEIRA	A Coruña
15552	VALDOVIÑO	A Coruña
27092	BURELA	Lugo
27013	CERVO	Lugo
27700	RIBADEO	Lugo
27066	VIVEIRO	Lugo
27025	XOVE	Lugo
36003	BAIONA	Pontevedra
36004	BUEU	Pontevedra
36940	CANGAS	Pontevedra
36022	GROVE (O)	Pontevedra
36026	MARÍN	Pontevedra
36029	MOAÑA	Pontevedra
36035	NIGRÁN	Pontevedra
36041	POIO	Pontevedra
36045	REDONDELA	Pontevedra
36051	SANXENXO	Pontevedra
36054	TOMIÑO	Pontevedra
36600	VILAGARCÍA DE AROUSA	Pontevedra



PROCEDEMENTO

EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000
HABITANTES, MANCOMUNIDADES OU AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS GALEGOS,
FONDOS FEDER 2021-2027.

CÓDIGO DO
PROCEDEMENTO

PR450A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

OBJECTO DA SOLICITUDE (marcar por orde de preferencia do 1 ao 5)

☐	Liña 1: Material loxístico de seguridade viaria
☐	Liña 2: Material para as emerxencias no medio acuático
☐	Liña 3: Ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias
☐	Liña 4: Remolques para a atención ás emerxencias
☐	Liña 5: Tendras de campaña para emerxencias



DATOS ESPECÍFICOS PARA APLICAR NOS CRITERIOS DE VALORACIÓN QUE FIGURAN NO ARTIGO 10
CERTIFICACIÓN/DECLARACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS (art. 10.2): número de mobilizacións da AVPC, efectuadas no
ano 2022, para prestar colaboración noutros concellos, en operativos de protección civil ou emerxencias acaecidas.
Formulario autodespregable

Data	Evento	Entidade promotora	Nº Total persoal voluntario participante	Presenta certificación ou declaración da entidade local	
				☐ Si ☐ Non	



CERTIFICACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE PROTECCIÓN CIVIL (art. 10.2): número de mobilizacións da AVPC, efectuadas no ano 2022, para prestar colaboración noutros concellos, en operativos de protección civil ou emerxencias acaecidas. Formulario autodespregable

Data	Evento	Entidade promotora	Nº Total persoal voluntario participante	Presenta certificación ou declaración da entidade local	
				☐ Si ☐ Non	

NÚMERO DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL ASEGURADO NO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E ACCIDENTES (art. 10.4)

Presenta certificado

☐ Si ☐ Non



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que a entidade que representa cumpre e acepta as condicións e demais requisitos esixidos nesta convocatoria.
- Que a entidade que solicita a subvención en especie acepta as condicións e demais requisitos esixidos nesta convocatoria.
- Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións ou entidades públicas, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que a entidade que representa non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro, conforme o artigo 10.2 g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da compañía aseguradora do número de persoal voluntarios de protección civil asegurados tanto de accidentes coma de responsabilidade civil ou declaración do órgano competente do concello (artigo 6.1.a).
- ☐ Certificación ou declaración dos titulares dos servizos provinciais de emerxencias ou das entidades solicitantes segundo o disposto no art. 10.2.
- ☐ Certificado do secretario/a do concello, mancomunidade ou agrupación de concellos da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia (artigo 3.b).
- ☐ Certificado do órgano competente da mancomunidade ou agrupación de concellos no que se indique a prestación mancomunada dos servizos de emerxencia e protección civil (artigo 6.1.d).
- ☐ Certificación do Pleno ou Xunta de Goberno aprobatorio de tal acordo e condicións do mesmo (artigo 6.1.e), no caso de realizar a petición conxunta con outro ou outros concellos.
- ☐ Memoria de aforro de custos e os últimos orzamentos publicados e aprobados, aos efectos da aplicación do artigo 6.1.f, no caso de realizar a petición como mancomunidade ou agrupación de concellos.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Consulta de estar ao corrente de pagamento coa Xunta de Galicia para percibir axudas ou subvencións das Administracións públicas	☐
Consulta de estar ao corrente de pagamento coa seguridade social	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Consulta de estar ao corrente de pagamento con AEAT para subvencións e axudas	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- o ORDE do 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación equipamento de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------





DECLARACIÓNS

PR450A- EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, MANCOMUNIDADES E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS.
FONDOS FEDER 2021-2027

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

- ☐ Que as subvencións solicitadas para a mesma finalidade no seu conxunto non superan o custo da actividade subvencionada.
- ☐ Que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que os que se subvencionan con cargo á convocatoria de 2023.
- ☐ Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- ☐ Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, estar ao día das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- ☐ Que non se ocasionará un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, de acordo ao principio DNSH ("do not significant harm"):
- Mitigación do cambio climático.
 - Adaptación ao cambio climático.
 - Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
 - Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
 - Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.
 - Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.
- ☐ Que se cumprirá a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.
- ☐ Que non se causarán efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización.
- ☐ Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de